

## Título: A nai morta

Autor: Mónica Alonso. Artista plástica, creadora do psicoespazo.

Resumo: A morte da nai é un suceso moi triste. Máis, a morte da nai é un suceso tremendo para as persoas en idade infantil, nenez, adolescencia. Cando esta morte se produce por asasinato, polo pai, e ademais o nenx presenza a escena o nivel de horror aumenta e aumenta.

Non é fácil abordar a presentación destes temas. Cando son tratados dende a creación artística, o artista se enfronta ao reto de dar forma real, facer visible, unha vivencia existencial emocional. O artista ten que entrar nas confesións propias ou dos outros, entra no doloroso terreo da arte confesional.

Palabras clave: nai morta, fillxs sen nai, fillxs de nai morta, fillxs de nai asasinada, arte confesional.

Fai un ano escribía o artigo *A mala nai*, no que partindo das opinións de 3 artistas mulleres – Louise Bourgeois, Tracey Emin, Marina Abramovic - sobre a maternidade e as dúbidas sobre ser unha mala nai en relación á entrega desmedida que precisa a creación artística, e que nunha nai artista xera conflito de amores. Nese momento era un tema de interese.

Un ano despois escribo baixo o título *A nai morta*. Para o III Congreso Xénero, Museos, Arte e Educación, este é o tema que me sae. O último ano foi un ano rápido, dramático a todos os niveis, persoal, económico, político, climático, tecnolóxico. De grandes cambios tamén para a situación de expresión,

creación e exhibición artística. Eu como artista tomei decisións de situación que me colocan no aproveitamento total da miña *formación* como artista. Eu, como artista, vexo dun xeito transversal polas diferentes capas de disciplinas, e quero utilizar ese xeito de ver para crear dende aí, esa sería a miña aportación profesional. Este último ano foi tamén de apertura total de ollos cara a situación da muller no mundo. O que digo neste texto é escrito dende estes dous puntos. Vou a fuxir de escritura contida e deixar que a miña expresión me leve.

Cando lembraba o texto *A mala nai* fun consciente de que hoxe, marzo de 2016, sería incluso un tema romántico. Se a vida periga como para preocuparse de si es mala.

Traballei nos últimos meses nun proxecto que acadou unha dimensión de produción que nin imaxinaba. A raíz dun taller artístico no Museo de Belas Artes da Coruña, xuntámonos 5 mulleres para crear dende as emocións e os sentimentos e afondar na arte confesión (estilo de composición artística impregnada polos sentimentos mais profundos do seu creador). E entramos directamente na arte confesional, da que Louise Bourgeois é considerada a nai. Así como Tracey Emin a representante actual mais destacada desta arte. Casualmente, ou non tanto, dúas das artistas centrais do texto *A mala nai*, xunto con Marina Abramovic.

O resultado do mencionado taller é o proxecto: *Cela Amarela Cor Carne Interior. 5 casos de arte confesional*. Casualmente, ou non, somos 5 mulleres traballando ao longo de 3 meses.

Entre moitas preguntas confesionais xurdiu:

Que consideras que sería o máis triste que che podería pasar?, Que sería para ti un sufrimento insoportable?


Coincidimos na resposta: Que nos morra un fillo.

Eu estou de acordo, para min sería o maior sufrimento. Unha reflexión maior sería que se che suicide un fillo. Unha das mulleres mais abatidas que coñecín con *cor de carne triste* foi unha nai á que se lle suicidou unha filla sen ningún antecedente e por tanto sen consolo ante a pregunta do Porque?

Pensei na perda do meu fillo, e pensei tamén na morte dunha nai para un fillo. Todos temos unha nai. Non hai ningún que non focalice á súa, e nesta focalización entran frases como *Miña nai abandonoume. Eu non teño nai. Miña nai morreu*. Na miña vida estas frases non están tan lonxe cando llas escoitei a miña nai, a que lle morreu a súa nai cando tiña 3 anos: *Eu non tiveron mama, morreu cando era moi pequena*.

A historia está chea de fillos sen nais, nais que perden a fillos. Acostuman a ser historias trágicas. Historias contadas como determinantes nunha biografía.

Eu que aprendín moito de Edvard Munch, visualicei de inmediato o cadro de *A nai morta* (1899-1900). No inverno de 2008 vivín un mes en Oslo, todo estaba cuberto pola neve e había poucas horas de día, case todos os días visitaba o Museo Munch e choraba coa intensidade do sentido. Nese momento a National Gallery de Oslo tiña unha exposición temática sobre o cadro de Munch *A nena enferma*. O meu nivel de aprendizaxe emocional foi moi elevado.



Edward Munch. *A nena enferma* 1885-1886

Dice Munch:

*Coa Nena enferma abrín camiños novos para min, foi unha ruptura na miña obra. A maior parte dos meus traballos posteriores deben a súa existencia a este cadro.*

*Na miña arte intentei explicarme a vida e o seu sentido, pretendín axudar aos demais a entender a súa propia vida.*

*Do Grito: Estaba alí, tremendo de medo. E sentín un grito forte e infinito perforando a natureza.*

Sen dúbida a obra máis coñecida de Munch é O grito, pero como el mesmo recoñeceu *A nena enferma* foi un punto crucial na súa carreira artística. Sophie era a irmá favorita de Munch e morreu de tuberculose con 15 anos de idade en 1877. A nai de Munch morreu tamén de tuberculose cando el tiña 5 anos.

Nacemos para a plenitude dun recorrido vital: período prenatal, primeira infancia, nenez preescolar, escolar, adolescencia, xuventude, madurez, adultez, vellez. Nacemos para morrer pero en cada etapa a morte é diferente. A nena enferma está viva, sentimos a esperanza de que se recupere porque non queremos asumir que vai a morrer. Un gran sufrimento está nese alento de vida que dilata no tempo e trae esperanza, o sufrimento da nai é insoportable. A nena morrerá pero seguirá viva no recordo vital da nai, que quizás momento tras momento dirá: *Se a miña filla estivera viva tería ....anos. Este é o cuarto da miña filla tal e como ela o deixou.* A nena segue viva e incluso medra. O rostro da plenitude da vida nunca morre definitivo, mantense no futuro.



Edward Munch. *A nai morta*. 1899-1900

Neste caso a nai non está enferma, está morta. Aparece finita fisicamente, na cama xa co rostro e o corpo desdebuxado pola morte. A nai morre para a filla e xa queda atrás. O nenx queda só para sempre e debe seguir. Mamá é unha ausencia non unha presenza.



Edvard Munch. *O grito* 1893 (detalle)

A fillx e a nai morren nun espazo interior, dunha enfermidade, nunha cama, acompañadas da familia. A relación da imaxe da nena do cadro de Munch e o adulto do Grito explican perfectamente a evolución da angustia no proceso vital de nenx a adulto. O nenx tápase os oídos e non grita, é cando é adulto consciente do sucedido, do vivido acumulado, cando grita para botar fóra. O grito, quizás mudo, do neno pasa ao grito sonoro do adulto xa afectado polo trauma. As patoloxías mentais derivadas do suceso da morte da nai son moitas e estudadas.

Cara a onde vou? Todo o escrito previo é unha introdución emocional para a intención central do texto.

Nas situacións de pobreza, crise, guerra, conflito, avaricia, falta de escrúpulos, deshumanización ... os máis prexudicados son sempre os nenxs e as mulleres, e os maiores.

Con imaxes sacadas de internet podo xerar na túa cabeza o maior dos horrores. Situacións de guerra, loita, destrución. Nais con fillxs feridos que corren para salvarse, salvar ao fillx. Nais que entregan o fillx para que este siga correndo e sexa salvado. Nais con fillxs mortos nos brazos, desgarradas de dor con sangue fresca. Nenxs mortos, os nenxs mortos impresionan moito, os que morren dun xeito violento cos seus corpiños rotos. Nenxs que se achegan a súa nai morta intentando espertala. Pobres nenxs que quedan sen nai, a nai queda morta e eles teñen que seguir, e están fóra, e chove e fai frío ou un calor asfixiante , e xa non hai solución.

Posibles títulos de obras: *Cor de Carne Morta Sufrida. Cor de Carne Morta Asasinada.*

A violencia física, emocional, sexual, contra as nais exercida diante dos fillxs. E esa imaxe brutal queda conxelada na mente do fillx. As imaxes son duras pero as testemuñas son terribles, as narracións. Ver a cara do que narra. O fillx sigue medrando e sigue o proceso vital, a procura da curación do trauma.

A violencia sexual contra as mulleres, as fillas. Nenas pequenas, un pouco mais grandes, un pouco máis grandes, ata que a carne deixa de ser sangue fresca. Porque moitos homes violan a unha muller ata matala?

As nais queren aos fillxs. Mulleres violadas que quedan embarazadas e teñen ao seu fillx e o queren e o coidan. Lembro unha película que me impresionou moito. A historia dunha nena que fora violada e tiña un fillo, e non o quería, e o irmán da nena lle dicía, tes que quere-lo é o teu fillo. O valor dunha nai non creo que poida ser igualado por nada.

E todo isto acontece fóra, na rúa, no espazo exterior, no infinito, na epidemia que se propaga e nas secuelas. Na ira, no caos. Lonxe, e eu estou a salvo. Ata que un día che pasa a ti, a min. E si un día estas de viaxe nun lugar pouco seguro e te collen, te levan, te violan.

Morrer fóra é terrible, e morrer dentro, na casa, dunha forma violenta?. Homes que matan a mulleres que son as súas parellas. Homes que maltratan cruelmente a mulleres ao longo do tempo e finalmente as matan. Nenxs, fillxs que ven como o seu pai maltrata a súa nai. Fillxs que ven como seu pai mata a mamá diante deles, a golpes que rompen a mamá *A miña nai morreu cando eu tiña x anos, matouna meu pai, eu estaba diante. Foi algo horrible para min, aínda soño polas noites coa imaxe. Tamén matou a miña irmá, eu escondínme debaixo da mesa.* Este suceso traumático bombardeará ata reducir a escombros a vida emocional do fillx para sempre. Como papá pode facerlle iso ao fillx?. Como un ser humano pode superar iso?. Supoño que con moita *terapia*.

Que patoloxía psicolóxica se establecerá para definir os casos de adultos que viron como mataban a súa nai dunha forma extremadamente violenta.

Por dicir algo: Os fillxs supervivintes do feminicidio que se produxo en X lugar a principios do século XXI.

Non temos aínda obras confesionais, dos nenxs de nai morta asasinada, deste momento da historia. Os nenos medrarán e as obras virán. E pasan cousas fermosas, os fillxs recuperan a memoria da nai. E hoxe todo é posible.

Un dos temas centrais da miña obra é o amor. E por extensión o meu interese polo tipo de persoas que son incapaces de amar: os psicópatas. A súa capacidade para o amor é superficial, pode haber atracción ou desexo de

posesión, pero non amor. A Felicidade refírese ao logro dos seus obxectivos, do control.

As características do hábitat humano actual é propicio para a aparición dos chamados psicópatas integrados. E así un ser sen piedade: O psicópata nos malos tratos a mulleres. No libro *Cara a cara con el psicópata*. Vicente Garrido Genovés. Editorial Ariel. Barcelona 2012 (1ª edición 2004). Unha muller conta a súa historia de 16 anos de horror porque llo piden os seus fillos. No relato refírese ao home maltratador como: señor baixiño e calvo prematuro. Na narración o nomea: o señor. Unha historia terrible de maltrato.

O amor é presentado como antídoto para case todos os males da alma. Xa Darwin apuntaba o pensamento de: Cal é o papel do amor na evolución humana?. A min só se me ocorre explorar por esa vía.

Gerald Hünter. La evolución del amor. Plataforma Editorial, Barcelona, 2015.